

**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA (IGAPE) E CTAG CO FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS DE  
INTERNACIONALIZACIÓN**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Xerente da Oficina de Internacionalización do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

**DECLARA:**

Que este Instituto ten previsto formalizar con diversos organismos –mediante convenios- a acollida de bolseiros de Igape para que poidan realizar prácticas en materia de internacionalización empresarial por periodos de vixencia de entre 6 e 24 meses nos anos 2016-2018.

Que estes convenios teñen por obxecto:

Estipular os obxectivos do programa, e termos da colaboración.

Que o instrumento que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Resolución do 23 de outubro de 2015 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

Estas bases regulan a concesión dun máximo de 60 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

Os posibles destinos dos bolseiros indicados nas bases son: oficinas da rede Pexga, antenas Igape no estranxeiro, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, Igape, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.

O IGAPE é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

A internacionalización do tecido empresarial galego ten sido e seguirá sendo un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto efectivo da internacionalización da empresa galega en 2020.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela